



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL SILLEDA

#### Ordenanzas e Regulamentos

##### MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO IVTM

##### MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM)

Logo da modificación aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello de Silleda do 24 de novembro de 2016 e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 235 do 12 de decembro de 2016 sen que se presentaran reclamacións ou suxerencias durante o trámite de exposición pública de trinta días, consistindo a mesma na modificación do artigo 3 (bonificación de oficio do importe total do imposto para os vehículos cunha antigüedad maior de 25 anos), faise público o texto íntegro das Ordenanza coa citada modificación, que quedará aprobada definitivamente.

##### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Ó abeiro das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II, e artigos 93 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

##### Artigo primeiro

De conformidade co artigo 96.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, Lei 39/88 de 28 de Decembro, modificado pola Lei 51/2.002 de 27 de decembro, este Concello fixa o coeficiente de incremento, no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, sobre as cuotas orixinais establecidas no citado artigo 96.1 do mesmo texto legal, nos seguintes termos:





Luns, 27 de marzo de 2017

Nº 60

| Potencia y clase de vehículo  | Coeficiente |
|---|-------------|
| <b>A) Turismos</b>  |             |
| De menos de 8 cabalos fiscais   | 1,20        |
| De 8 ata 11,99 cabalos fiscais  | 1,24        |
| De 12 ata 15,99 cabalos fiscais   | 1,24        |
| De 16 ata 19,99 cabalos fiscais   | 1,24        |
| De 20 cabalos fiscais en adiante  | 1,24        |
| <b>B) Autobuses</b>   |             |
| De menos de 21 prazas   | 1,24        |
| De 21 a 50 prazas   | 1,24        |
| De mais de 50 prazas  | 1,24        |
| <b>C) Camiόns</b>   |             |
| De menos de 1.000 Kg. de carga útil   | 1,24        |
| De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil  | 1,24        |
| De 2.999 a 9.999 Kg. de carga útil  | 1,24        |
| De mais de 9.999 Kg. de carga útil  | 1,24        |
| <b>D) Tractores</b>   |             |
| De menos de 16 cabalos fiscais  | 1,24        |
| De 16 a 25 cabalos fiscais  | 1,24        |
| De mais de 25 cabalos fiscais   | 1,25        |
| <b>E) Remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:</b> |             |
| De menos de 1.000 e mais de 750 Kg. De carga útil                                   | 1,24        |
| De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil  | 1,24        |
| De mais de 2.999 Kg. de carga útil  | 1,24        |
| <b>F) Outros vehículos:</b>   |             |
| Ciclomotores  | 1,24        |
| Motocicletas ata 125cc.   | 1,24        |
| Motocicletas de mais de 125cc ata 250cc.  | 1,25        |
| Motocicletas de mais de 250cc ata 500cc.  | 1,25        |
| Motocicletas de mais de 500cc ata 1.000cc.  | 1,25        |
| Motocicletas de mais de 1.000cc.  | 1,26        |





## Artigo segundo

1. Para poder aplicar la exención a que se refire a letra e) e g) do artigo 94.1 da Lei Reguladora das Facendas Locais, Lei 39/88 de 28 de Decembro, modificado pola Lei 51/2.002 de 27 de decembro, o interesado deberá acompaña-la solicitude dos siguientes documentos debidamente autenticados:

A.-No suposto de vehículos para persoas de mobilidade reducida:

- Fotocopia do permiso de circulación (o seu nome)
- Fotocopia do certificado de características do vehículo
- Fotocopia do Carné de Conducir (anverso e reverso)
- Fotocopia da declaración administrativa de invalidez ou disminución fisica expedida polo organismo competente
- Declaración baixo a súa responsabilidade do seu uso exclusivo.

B.-No suposto dos tractores, remolques, semirremolques e maquinaria agrícolas:

- Fotocopia do permiso de circulación.
- Fotocopia do certificado de características.
- Fotocopia da Cartilla de Inspección Agrícola expedida a nome do titular do vehículo.

## Artigo terceiro

1.- Establécese unha bonificación do 100 por cen para os vehículos catalogados como históricos ou aqueles que teñan unha antigüedad mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se ésta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar. Se existirán dúbidas sobre a data de fabricación, ésta deberase acreditar con certificado expedido pola firma fabricante. A bonificación será declarada de oficio pola Administración tributaria competente conforme coa información obrante no rexistro de datos da Dirección Xeral de Tráfico respecto a antigüedad do vehículo.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal de fijación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias, modifica a ordenanza modificada do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aprobada provisionalmente polo Concello en Pleno en sesión celebrada o 30 de abril de 2.003 e publicada unha vez definitiva no Boletín Oficial de Pontevedra do 26 de decembro do 2003,e entrará en vigor o día siguiente ó da súa publicación no Boletín Oficial de Provincia.

Silleda, 06 de Marzo de 2017.-O Alcalde-Presidente, Manuel Cuíña Fernández.

